Camisa branca popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo sen solapa, sen botóns no pescozo e sen ombreiras (manga curta ou manga larga a elixir)	24	23,00 €



Camisa azul celeste popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo, botóns no pescozo, sen solapa e sen ombreiras (manga curta)	24	23,50 €
Anorak largo de cor azul mariño, con aberturas laterais, realizado en material tipo sándwich en sarga de poliéster como tecido exterior de goretex, con membrana impermeable e transpirable no medio, e unha fibra polar no seu interior a cal debe ser desmontable, costuras termoselladas. O anorak debe cumprir a normativa EN 471	12	77,23 €
Forro polar bicolor azul mariño con tecido poartec, con canesú en tecido impermeable, sen ombreiras, con reforzos cosidos nos cábados, os puños con elástico. Composición aproximada de 100% poliéster e de 300 gr/m ²	12	36,70 €
Pantalóns uniforme de home ou muller con petos laterais, cor negro. Composición aproximada de 50% poliéster, 45% Lana e 5% lycra.	2	34,90 €
Zapatos de home ou muller de descanso, en pel . Plantilla acolchada de poliuretano con tratamento antibacterias e carbón activado. Sola antideslizante.	2	39,10 €
Camisa de home ou muller entallada manga larga (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €
Camisa de home ou muller entallada manga curta (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.	1	15,00 €

- b) A empresa oferta un servizo de arranxo e adaptabilidade das prendas adaptacións e/ou rectificacións das prendas, que en todo caso serán por conta da empresa, e non poderán supoñer coste adicional ningún para esta Administración.

3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)". (Expte.- 2022029859).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 1 de xullo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Reforzo do firme na E.P. 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o P.Q. 5+683 ao P.Q. 8+071 (Concello de A Estrada)".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xullo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
 - CONSTRUCCIONES FECHI SL
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
 - CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
 - FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
 - HORDESCON SL
 - MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
 - NAROM SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



4. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de Ponteareas)". (Expte.- 2022025868).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022005095 de data 7 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de Ponteareas)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xullo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- API MOVILIDAD, S.A.
- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- NAROM, S.L.



- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
API MOVILIDAD, S.A.	76.424,88 €	2%	24 MESES	SI	SI
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	65.514,34 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	62.526,40 €	2%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	72.248,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	80.484,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	78.595,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L. e SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

5. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación na cimentación do muro de contención na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 2+900 e o P.Q. 3+000 (Vilanova de Arousa)". (Expte.- 2022022000).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022005098 de data 07 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Reparación na cimentación do muro de contención na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 2+900 e o P.Q. 3+000 (Vilanova de Arousa)*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 07 de xullo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.
- NOVAVIAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- NAROM, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:



LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	93.736,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONCOSA OHS, S.A.	108.500,32 €	3%	36 MESES	SI	SI
NOVAIAL, S.L.	116.037,01 €	3%	12 MESES	NO	NO
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	109.620,32 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	115.080,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	108.550,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	108.698,65 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular o baixo nivel de prezo co desglose do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acredite adecuadamente tales extremos.

6. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a adxudicación do acordo marco que rexera a prestación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguemento de proxectos financiábles con fondos europeos incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2022036341).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, do *Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e*



seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de xullo do 2022, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de xuño de 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

Lote 1: Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.

- Ningunha.

Lote 2: Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.

- UTE KPMG Asesores, S.L. (CIF: B-82.498.650) - Antea Iberolatam, S.L.U. (CIF: B-15.080.849)

Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.



- Ningunha.

Lote 4: Proxectos sociais, benestar e saúde.

- UTE Medatlantía Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)-
Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B- 70.398.078)

Lote 5: Emprego, desenvolvemento local e función pública.

- UTE Medatlantía Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)-
Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B- 70.398.078)

7. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a adxudicación do acordo marco que rexera a prestación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguemento de proxectos financiábles con fondos europeos incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (Expte.- 2022036341).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, do *Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de xullo do 2022, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de xuño de 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 28 de xullo de 2022, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, das empresas presentadas e admitidas, e que son as seguintes:

LOTES	EMPRESAS LICITADORAS
-------	----------------------



Lote 1: Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.	Ningunha
Lote 2: Proxectos de enxeñería civil e arquitectura.	UTE KPMG Asesores, S.L. (CIF: B-82.498.650) - Antea Iberolatam, S.L.U. (CIF: B-15.080.849)
Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.	Ningunha
Lote 4: Proxectos sociais, benestar e saúde.	UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B- 70.398.078)
Lote 5: Emprego, desenvolvemento local e función pública	UTE Medatlantia Consultoría Europea S. Coop Galega (CIF: F-70.442.058)- Inda Iniciativas, S.L. (CIF: B- 70.398.078)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación do sobre “B”, correspondente á documentación técnica presentada polas empresas admitidas neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

8. Aprobación das valoracións acadadas no sobre “A”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios que precisan dun xuízo de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a adxudicación dun servizo de desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga de incendios para os concellos da provincia no eido do Programa de cooperación Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. (Expte.-2022024458).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2022004768 de data 21/06/2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

Vexiza S.L.
 Consultoría Informática y tecnológica del Noroeste S.L.

A Xefa de medio ambiente, Concepción López Paz, con data de 26 xullo de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	CITECNO	VEXIZA
Proposta funcional	9,00	7,00	6,00
Adecuación das súas atribucións	3,00	3,00	1,00
Eficiencia da xestión de permisos e roles	2,00	2,00	2,00
Mantemento de base de datos de usuarios e das zonas	2,00	2,00	1,00
Eficacia da xestión das bases de datos	2,00	0,00	2,00
Proposta tecnolóxica	10,00	5,50	8,00
Proposta de formatos	2,00	1,00	2,00
Facilidade dos métodos de acceso	2,00	1,00	2,00
Deseño dos modelos de datos	2,00	1,00	1,00
Frecuencia de actualización e dimensionamento	2,00	1,5	2,00
Fontes utilizadas	2,00	1,00	1,00
Plan proxecto	6,00	3,50	6,00
Eficacia da xestión de proxecto	1,00	0,50	1,00
Análise e deseño de software	1,00	1,00	1,00
Conxunto de datos actualizados	1,00	0,50	1,00
Grao de desenvolvemento de software e integración de datos	1,00	0,75	1,00
Código, documentación e diseminación	1,00	0,25	1,00



Grao de asignación dos recursos e deseño dun cronograma no que se establecen claramente os prazos de execución, fitos e entregables, en liña coas necesidades do proxecto	1,00	0,50	1,00
TOTAIS	25,00	16,00	20,00

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do Servizo de Medio Ambiente, de data 26 de xullo de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos e carga para a extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra

9. Apertura electrónica dos sobre “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a adxudicación dun servizo de desenvolvemento dun sistema integral de xestión de puntos de carga de incendios para os concellos da provincia no eido do Programa de cooperación Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. (Expte.-2022024458).

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións acadadas polas empresas Vexiza S.L. e Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste S.L. (B-94.115.177) na valoración correspondente aos xuízos de valor, de acordo co informe emitido pola xefa do servizo de Medio Ambiente, e que é a seguinte:

Puntuación Sobre A	Máxima(25 puntos)
VEXIZA S.L.	20
CITECNO	16

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación referida e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable, en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados no sobre “B” foron os seguintes:



Empresa : Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste S.L.

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	64.000,00 €
IVE (21 %):	13.440,00 €
Importe total ofertado:	77.440,00 €

Empresa: VEXIZA S.L.

Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	49.500,00 €
IVE (21 %):	10.395,00 €
Importe total ofertado:	59.895,00 €

A continuación procédese a valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa Vexiza SL contén valoraes anormais ou desproporcionados en canto ao prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

